
A BATALLA DE OCCIDENTE

Texto de ÉRIC VUILLARD

Tradución de ANTÍA VERES GESTO

Ilustración de portada de ADRIÀ FRUITÓS

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 168 páx. 17 €.

ISBN 978-84-16721-48-1. Narrativa K. Faktoría K.

PREMIO FRANZ HESSEL 2012

En 1810, Prusia montou unha escola de guerra.

As palabras «escola» e «guerra» crean un efecto estraño cando se poñen unha ao par da outra: fannos imaxinar alumnos en fila, con botas grandes de máis para eles, e dormitorios onde a xente esperta ao son da corneta. E que se aprende nunha escola de guerra?

O 28 de xuño de 1919, na Galería dos Espellos do Palacio de Versalles, asinouse o tratado que puxo fin á I Guerra Mundial. Cumpríanse cinco anos do atentado de Saraxevo no que fora asasinado o arquiduque Francisco Fernando, que foi o detonante da Gran Guerra. O acordo entrou en vigor o 10 de xaneiro de 1920.

Éric Vuillard narra o atentado con mestría, dende unha perspectiva histórica e política; mais tamén describe os inicios da *Batalla de Occidente*, as ambicións dos estrategas militares, as trincheiras convertidas en xigantescos cemiterios, as chairas cubertas polo gas mostaza, as cidades arrasadas, a orixe dos campos de prisioneiros...


O relato de momentos íntimos protagonizados polos que sufriron a contenda, coa descrición de escenas épicas e conmovedoras, forman un detallado mosaico da Gran Guerra en Europa.

Unha Europa que entraba na Modernidade baixo o ruído dos canóns e das bombas aéreas. Neste escenario naceron as grandes fortunas capitalistas, pero tamén a primeira revolución socialista.

Non obstante, ante todo, a *Batalla de Occidente* foi unha carnicería sen precedentes -preludio da absoluta barbarie- que acabou provocando a caída de varios imperios.

O estratega alemán Alfred von Schlieffen, o mariscal francés Ferdinand Foch, o canceler Otto von Bismarck ou Gavrilo Princip -que asasinou o herdeiro do imperio austro-húngaro e a súa muller, a duquesa Sofía Chotek- non son simples personaxes de papel, senón figuras de carne e óso que Vuillard sitúa no plano do persoal.

Os textos resaltan polo esmerado traballo narrativo cunha rica linguaxe, inspiradora e incisiva; tan demoledora como os efectos dos bombardeos que asolaron Europa en cada fronte bélica, levando un continente enteiro ao bordo do abismo. E malia o ton crítico e amargo, esta novela antóllase tamén intensa, sarcástica, amena e sensible, porque o autor é quen de tocar na mente e no corazón dos lectores. Con todo, Vuillard comparte o seu pouso de incerteza, de sentimento inacabado, en tanto parte dos enigmas da historia seguen aínda na penumbra.



■ **Temática:** historia europea.

■ **Destinatarios:** lectores xuvenís e adultos.

■ **Aspectos destacables:** centenario do Tratado de Versalles; ambientado na I Guerra Mundial; reflexión sobre a ambición e o poder político e económico nun contexto que marcou a historia; do autor de "[A orde do día](#)" (Faktoría K).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-batalla-de-occidente-g>

Éric Vuillard

(Lyon, 1968)

Escritor especializado en novelas históricas e cineasta. É autor da novela *Conquistadors* (Premio Ignatius J. Reilly 2010), sobre o imperio inca e a colonización de Perú. Tamén escribiu *Congo* (Premio Valéry-Larbaud 2013), ambientada na colonización de África. Outro dos seus maiores éxitos editoriais foi *Tristesse de la terre* (Premio Femina 2014) en torno á figura de Buffalo Bill e a conquista do Oeste. Recibiu o Premio Alexandre-Vialatte 2017 por *14 Juillet*, coa toma da Bastilla como cerna. Dirixiu as películas *L'Homme qui marche* e *Mateo Falcone*. O Premio Goncourt 2017 que obtivo por *A orde do día* está considerado un dos galardóns literarios máis importantes de Francia. Malia que a súa dotación ascende a uns simbólicos 10 euros, ten moita repercusión internacional.

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
